



## Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE CERDIDO CON DATA 23 DE XULLO DE 2024

En Cerdido, sendo as 20:30 horas do día 23 de xullo de 2024 reúnense na Casa do Concello, ao obxecto de celebrar a sesión pública extraordinaria e en primeira convocatoria.

Preside: D. Alberto Rey Paz

Asisten:

D<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez  
D. Darío Santalla López  
D. Jose Manuel Luaces Piñón  
D. Brais Prieto Verdial  
D. Julián Blanco Rodríguez  
D<sup>a</sup> Rocío Martínez Martínez  
D<sup>a</sup> María de los Dolores Pita Anca

Ausencias:

D. Diego Graña Pérez

Secretaria-interventora: María del Carmen Sanmillán Villar

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na ORDE DO DÍA:

#### 1.- 1. Aprobación do orzamento municipal do concello para o exercicio 2024

Toma a palabra o Sr. Alcalde que expón que este orzamento que se presenta contén unha previsión de ingresos e gastos buscando a eficacia e eficiencia na xestión municipal, co obxectivo de garantir unha boa xestión e o principio de equilibrio orzamentario.

Engade que cambia un pouco con respecto ao borrador que xa se trouxo ao Pleno, xa que se cambiou o apartado de persoal.

Toma a palabra D. Brais quen expón que lle parece que é unha mostra de mala xestión presentar a aprobación do orzamento a 23 de xullo.

Engade que no documento económico-financieiro faise referencia ao Concello de Oroso e non ao Concello de Cerdido.



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



Dona Dolores di que é un documento importante, que merecen unha explicación a iso. Que é suficiente para cancelar o Pleno e volvelo a convocar.

O Sr. Alcalde da a palabra á secretaria quen manifesta que foi un erro na transcripción do texto.

D. Brais pregunta a canto ascende o orzamento, xa que atopou discrepancias entre a memoria de alcaldía e as bases. Por expemplo no caso da APA Os Carrís.

D. Alberto di que pode ser que haxa algún erro material que se pode rectificar, tanto o erro en denominacións coma en cantidades.

D. Brais intervén dicindo que a historia é que no pleno de decembro xa se estaba traballando no orzamento, en abril presentouse un borrador, e xa estamos a 23 de xullo. É máis de medio ano sen orzamentos.

D. Brais sinala que na memoria de Alcaldía, na páxina 7, cando se fai referencia á subvención da Deputación ponse 25.000,000353, esa cantidade de cartos non existe.

D. Brais pregunta polas placas solares, se se fixo algunha inversión e si está recollido no orzamento, se na aplicación 16521300 están incluídas as placas solares.

D. Alberto di que nesa aplicación está o alumado público, Proymel.

D. Brais sinala que o ano pasado gastáronse 55.000 e que este ano métense 40.000.

D. Alberto resposta que o orzamento está equilibrado, que os gastos do ano pasado mantéñense. Engade que se vai aforrar algo pola instalación das LED.

D. Brais pregunta pola aplicación 16162500 de mobiliario.

D. Alberto resposta que son contedores, papeleiras, mesas, bancos, sillas.

D. Brais pregunta pola aplicación 920676200 convenio obradoiro.

D. Alberto resposta que é a estimación de gastos do obradoiro con Ortigueira que é para axuda no fogar.

D. Brais pregunta pola subvención contra incendios, por qué non sae.

D. Alberto resposta se saía no orzamento de 2023.



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



- D. Brais di que quen cobra 40.000 euros es ti.
- D. Alberto di que cobra o mesmo que o anterior Alcalde.
- D. Brais resposta que o soldo pódese baixar.
- D. Brais pregunta se a aplicación 13360000 é para o terreo da finca. D. Alberto resposta que sí.
- D. Brais pregunta pola subvención para amañar a piscina do Castro.
- D. Alberto resposta que eso ven arrastrado de 2021.
- D. Brais pregunta que dónde aparece e D. Alberto pregúntalle á secretaria-interventora quen explica que é unha subvención de outro ano da que xa se xerou crédito no seu momento.
- D. Brais pregunta pola aplicación 162122700 relativa á limpeza de contedores e pregunta si este ano non va facer a limpeza dos mesmos.
- D. Alberto di que sí, que está pensado facer tal limpeza.
- D. Julián pregunta pola aplicación 16060900 relativa a Casaldegonce e comenta que non recorda que se falara disto en ningún momento.
- D. Alberto resposta que se vai facer con fondos propios. Non está no POS porque é unha cantidade pequena.
- D. Brais pregunta cómo se financia a obra do parque do Castro. D. Alberto resposta que cunha subvención da Xunta que xa está concedida.
- D. Brais pregunta polo documento que recolle a estabilidade e regra de gasto, na páxina 14, pola parte que fai referencia a anulación de expedientes de modificación orzamentaria. Pregunta que a qué expedientes se refire o documento.
- D. Alberto da a palabra á secretaria-interventora quen ofrece a explicación a tal punto.
- D. Brais comenta que no informe hai un axuste na páxina 2 relacionado coa regra de gasto, e pregunta que a qué se refire tal axuste.
- D. Alberto da a palabra á secretaria-interventora quen explica o por qué, que é porque así ven imposto pola normativa reguladora do cálculo da regra de gasto.



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



D. Brais expón que o que antes se criticaba repítese novamente, que xa van facer dous anos sen orzamento, que cando se vai botar para diante. Pregunta qué ideas hai de facer algo distinto que non sexan pistas nin gasto corrente.

D. Alberto di que se están facendo cousas, que hai anos que non se pedían subvencións para madrugadores, campamento de verán e servizos para as familias.

D. Brais pregunta, de cara ao futuro cáles son as inversións, que non aparecen no orzamento.

D. Alberto di que o Concello non ten fondos propios.

D. Brais resposta que vos estades dando conta das limitacións que ten un Concello coma Cerdido e que hai subvencións que non se piden: deportes, furgoneta ou vehículo para as do SAF.

D. Alberto di que esa é unha idea vosa, que nós pedimos o que nos parece básico.

D<sup>a</sup> Dolores di que sempre se esixe un mínimo nos servizos e que senon se quita.

D. Alberto di que se puxo madrugadores por Abalar e non se presentou ninguén. Pero o servizo está ahí subvencionado. Antes o campamento era con cargo ás familias e non se pedía subvención.

D<sup>a</sup> Rocío di que hai que falar do futuro, que non todo é pasado.

D. Alberto di que están pensando en facer o que levan no programa, que se fan o 50% xa é máis que o do programa anterior. O polígono industrial íase facer e quedou en nada.

D<sup>a</sup> Rocío expón que se ven para mellorar non é para estar sempre mirando cara atrás.

D. Brais di que se acabaron os 100 días de gracia, que eles veñen ao pleno cada 2 meses, que o problema será cando os veciños reclamen.

D. Alberto di que se puxo o suelo do colexio.

D<sup>a</sup> Amalia di que como a deputación é vosa ás veces contestan e outras non.

D. Alberto di que se nos falta a Deputación estamos mortos.

D. Brais di que a Xunta tamén está para botar unha man.

D<sup>a</sup> Amalia di que todos importan e partidismos fóra.



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



D. Brais di que lle parece un exemplo de mala xestión presentar un orzamento a estas alturas e con estas formas. E que van a votar en contra, que se alegra de que así xa está aprobado e xa será a xestión económico-administrativa vosa.

D. Alberto di que a nós tamén nos tardaba.

A continuación procédese á votación do primeiro punto do orde do día co seguinte resultado:

Votos a favor:

D. Alberto Rey Paz  
D<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez  
D. Darío Santalla López  
D. Jose Manuel Luaces Piñón

Votos en contra:

D. Brais Prieto Verdial  
D. Julián Blanco Rodríguez  
D<sup>a</sup> Rocío Martínez Martínez  
D<sup>a</sup> María de los Dolores Pita Anca

Abstencións: ningunha

O Sr. Alcalde intervén sinalando que ante esta situación de empate procédese á realizar unha segunda votación. O resultado da segunda votación é o seguinte:

Votos a favor:

D. Alberto Rey Paz  
D<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez  
D. Darío Santalla López  
D. Jose Manuel Luaces Piñón

Votos en contra:

D. Brais Prieto Verdial  
D. Julián Blanco Rodríguez  
D<sup>a</sup> Rocío Martínez Martínez  
D<sup>a</sup> María de los Dolores Pita Anca

Abstencións: ningunha

Dado que novamente produciuse un empate na segunda votación, dirime o empate o voto de calidade do Sr. Alcalde co que dase por aprobado o primeiro punto do orde do día.



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) correo@cerdido.es



2. Información aos membros do Pleno do Código de Conduta que se lles presentará para a súa sinatura ao abeiro do proxecto de reforma da Casa da Cultura no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)

Toma a palabra o Sr. Alcalde explicando que se puxo a disposición dos membros do pleno un documento que contén un código de conduta que se lles presentará a todos para a súa sinatura ao abeiro do proxecto de reforma da Casa da Cultura no marco dos fondos PRTR, sinalando que este documento é preciso para incorporalo ao expediente da subvención concedida para tal fin.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levantáase a sesión sendo as 21:32 horas, do que eu coma Secretaria-inteventora dou fe.

Asinado: A Secretaria-interventora

M<sup>a</sup> del Carmen Sanmillán Villar